

PLAN ANUAL 2017 DA COOPERACIÓN GALEGA PARA O DESENVOLVEMENTO



Dirección Xeral
de Relacións
Exteriores e coa UE

Vicepresidencia e
Consellería de
Presidencia,
Administracións
Públicas e Xustiza

Xunta de Galicia



XUNTA
DE GALICIA



cooperacióngalega

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN
2. CUMPRIMENTO DOS COMPROMISOS ADQUIRIDOS EN ANOS ANTERIORES
3. NOVAS ACTUACIÓNS PARA O ANO 2017
4. ORZAMENTOS 2017

1.INTRODUCCIÓN

Este Plan Anual preséntase en cumprimento do mandato legal establecido no artigo 9.3 da Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento, que sinala que os plans anuais serán aprobados polo Consello da Xunta de Galicia por proposta do departamento competente en materia de cooperación para o desenvolvemento, logo do informe do Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento.

Co Plan Anual 2017 da Cooperación Galega iníciase o derradeiro ano de vixencia do III Plan Director da Cooperación Galega 2014-2017 (a partir de agora III PD). Neste Plan Anual recóllense os compromisos, os medios de actuación e os recursos orzamentarios que o goberno galego pon a disposición da cooperación para o desenvolvemento para o ano 2017, de acordo coas orientacións establecidas no dito III PD.

No Plan se recollen, de maneira resumida, as actuacións incluídas no programa orzamentario *331A: Cooperación exterior* da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE (en diante DXRREE e coa UE), sen prexuízo de que ao longo do ano outros departamentos da Xunta de Galicia poidan desenvolver actuacións en materia de cooperación cuxa valorización se realizará ao final do exercicio.

A dotación para o ano 2017 do programa 331A é de 4.512.744 €, o que representa un incremento dun 7,7% respecto ao orzamento aprobado no 2016.

Tendo en conta que o **compromiso de gasto** adquirido no ano 2016 elévase **1.627.374,81 €** nos capítulos IV e VII, ao que habería que engadir os **477.338 €** do capítulo I de Gastos de Persoal, o orzamento total comprometido para o 2017 ascende a **2.104.712,81 €**, o que supón unha **dotación dispoñible para novas actuacións de 2.408.031,19 €**.

Como liña xeral, seguirase apostando polas **convocatorias públicas de axudas como principal instrumento de canalización de fondos**, co fin de facilitar o concurso en concorrencia competitiva dos distintos axentes de cooperación. Está previsto destinar ás convocatorias máis dun **75% do orzamento operativo de gastos**. Do mesmo xeito, **primaranse as actuacións das ONGD** na xestión e canalización das axudas.

Cabe sinalar finalmente que, en aras de manter unha coherencia co III PD, as diferentes actuacións que se teñen previsto iniciar no ano 2017 relaciónanse cos resultados de xestión recollidos no dito Plan Director.

2. CUMPRIMENTO DOS COMPROMISOS ADQUIRIDOS EN ANOS ANTERIORES

Cos orzamentos de cooperación para 2017 asegurárase a cobertura financeira dos compromisos adquiridos con anterioridade, que no seu conxunto se elevan **1.627.374,81 €**, que permitirán **dar continuidade** as seguintes actuacións:

- **14** proxectos aprobados na convocatoria de 2016 de **proxectos no exterior dos axentes de cooperación**, por un total de **1.148.464,80 €** para 2017.
- **9** proxectos aprobados na convocatoria do ano 2016 de axudas para proxectos de **Educación para o Desenvolvemento**, por un total de **195.000 €** para 2017.
- **O convenio de colaboración** asinado no 2016 coa *Fundación Centro Tecnolóxico do Mar (CETMAR)* para reforzar a cooperación técnica en materia de pesca e acuicultura en Mozambique, cunha dotación de **60.000 €** para 2017.
- **O convenio de colaboración** asinado no 2016 con *Solidariedade Internacional de Galicia, AGARESO* e a

Fundación Educación y Cooperación- EDUCO no 2016, para a execución do proxecto de Educación para o Desenvolvemento “Cooperación Galega. O mundo que queremos”, encadrado no Plan Proxecta da Consellería de Educación, cunha dotación de **40.000 €** para o ano 2017.

- O **convenio de colaboración** asinado no 2015 coa **Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID) e outras CCAA** para a coordinación das actuacións no ámbito humanitario ao abeiro do Acordo Marco asinado no 2013 coa Secretaría Xeral de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, cunha dotación de **50.000 €** para o ano 2017.
- O **convenio de colaboración** asinado no 2016 coas **tres universidades galegas** para a consolidación da Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento, cunha dotación de **40.000** para 2017.
- **6 bolsas de formación** de expertos en cooperación para o desenvolvemento que se convocaron no 2016, cunha dotación orzamentaria de **54.400 €** ata a finalización do período de formación no mes de agosto de 2017. A este orzamento hai que engadir **1.675 €** para a cobertura da **Seguridade Social** das/os bolseiras/os.

3. NOVAS ACTUACIÓNS PARA O ANO 2017

Unha vez descontados os recursos para dar continuidade aos compromisos asumidos con anterioridade ao ano 2017, e tendo en conta que os gastos de persoal da Subdirección Xeral de Cooperación Exterior ascenden a 477.338 €, a **capacidade orzamentaria** para acometer novas actuacións no ano 2017 elévase a **2.408.031,19 €**.

A DXRREE e coa UE priorizará novamente no ano 2017 as convocatorias públicas de axudas, de acordo co establecido no III Plan Director, ás que destinará ao redor dun 76 % do orzamento operativo de gastos.

As **actuacións previstas para o ano 2017**, de acordo cos resultados de xestión previstos no III PD, son as seguintes:

- **Convocatorias públicas en réxime de concorrencia competitiva.**
- ✓ **Convocatoria de subvencións para proxectos de cooperación no exterior das ONGD e outros axentes de cooperación.**

O obxecto destas axudas é a execución de proxectos no exterior das ONGD e das universidades, empresas e organizacións empresariais, sindicatos e comunidades galegas no exterior e outros axentes sociais que teñan a condición de axentes de cooperación.

A **dotación total da convocatoria** será de **3.012.500 €** (1.205.000 € para o 2017 e 1.807.500 € para o 2018), o que representa un incremento dun 26,44% respecto á dotación da convocatoria do ano 2016.

A distribución dos créditos entre os distintos axentes realizarase de xeito similar ás anteriores convocatorias.

Esta actuación encádrase no resultado de xestión (RX) 2 do III PD, que establece que *a Cooperación Galega concentra a súa axuda no exterior con criterios de eficacia*, no RX 3 que establece que *a Cooperación Galega especializa a súa axuda nos sectores nos que conta con valor engadido ou vantaxes comparativas* e no RX 4 que establece que *os actores e axentes da Cooperación Galega coordinan e complementan as súas actuacións para contribuír aos resultados de desenvolvemento da cooperación española*.

✓ **Convocatoria de subvencións para proxectos de Educación para o Desenvolvemento (EpD) e a Cidadanía Global promovidos polas ONGD.**

O obxecto destas axudas é a execución de proxectos dentro das catro dimensións que forman parte da educación para o desenvolvemento:

- Sensibilización, concienciación da opinión pública en materia de cooperación para o desenvolvemento e causas da pobreza.
- Formación sobre o desenvolvemento, difusión nos ámbitos educativos do coñecemento da realidade dos países empobrecidos e da cooperación para o desenvolvemento.
- Mobilización social para crear redes de solidariedade na nosa sociedade.
- Investigación sobre as causas do subdesenvolvemento co fin de fortalecer e abrir novas vías de cooperación.

No deseño desta convocatoria teranse en conta os resultados do proceso participativo levado a cabo para a elaboración da Estratexia de EpD da Xunta de Galicia.

A **dotación total** da convocatoria do ano 2017 será de **400.000 €** (160.000 € para o 2017 e 240.000 € para o 2018), o que representa un incremento dun 23% respecto á dotación da convocatoria do ano 2016.

Esta actuación encádrase no resultado de xestión (RX) 7 do III PD que establece que *a Cooperación Galega mellora a planificación e xestión das actuacións en educación para o desenvolvemento.*

✓ **Convocatoria de subvencións para proxectos de Acción Humanitaria.**

O obxecto destas axudas é a execución de proxectos de acción humanitaria no exterior, entendendo como tales aqueles

destinados a salvar vidas, aliviar o sufrimento e manter a dignidade humana durante e despois das crises –provocadas por seres humanos ou por desastres naturais–, así como os destinados á prevención e reforzo da capacidade de resposta para cando se produzan estas situacións.

A **dotación total** da convocatoria do ano 2017 será de **300.000 €**. Esta convocatoria non se puido publicar no 2016.

✓ **Convocatoria de subvencións para proxectos de Investigación para o Desenvolvemento promovidos polas universidades e centros de investigación galegos**

O obxecto desta convocatoria específica de axudas para proxectos de investigación, dirixida aos grupos e centros de investigación das universidades galegas, é potenciar e impulsar esta dimensión da educación para o desenvolvemento. Desta convocatoria poderán beneficiarse tamén as ONGD e os outros axentes de cooperación sempre que se presenten en agrupación coas universidades, que serán as que deberán liderar os proxectos de investigación.

A convocatoria será bianual, cunha **dotación total de 150.000 €** (75.000 € para o 2017 e 75.000 € para o 2018). Esta convocatoria non se puido publicar desde o ano 2014.

Esta actuación encádrase no resultado de xestión (RX) 5 que establece que *os actores e axentes da Cooperación Galega fortalecen a súa capacidade institucional para un maior alcance das súas actuacións e no resultado de xestión (RX) 6 que establece que a cidadanía galega accede a unha información de calidade sobre os logros colectivos da Cooperación Galega na loita contra a pobreza.*

✓ **Convocatoria de 6 bolsas de formación de persoas expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento**

Dende hai anos a Xunta de Galicia fai unha aposta clara para a profesionalización do sector da cooperación galega que redunde nunha mellora da calidade desta, a través do financiamento das bolsas de formación de persoas expertas en cooperación para o desenvolvemento que permiten aos beneficiarios/as completar a súa formación con estadias, tanto no terreo como na sede da DXREUE competente na materia.

Este investimento dirixido á mellora das capacidades destas persoas, teñen un retorno a medio e longo prazo para todo o sistema de cooperación e reforza as relacións entre a Xunta de Galicia e outras institucións a través das que se articulan estas bolsas, o que leva a facer máis eficaz a cooperación.

Para o ano 2017 convocaranse 6 bolsas, de carácter plurianual, para garantir que as persoas beneficiarias gocen dun ano completo de formación, dúas das cales se desenvolverán na sede da DXRREE e coa UE en Santiago de Compostela e as catro restantes no exterior, nas oficinas técnicas de cooperación da AECID.

O **orzamento previsto** para as bolsas é de 95.000 € (40.000 € para o 2017 e 55.000 € para o 2018).

A este orzamento hai que engadir 3.000 € (2.000 € no 2017 e 1.000 no 2018) para a cobertura da **Seguridade Social** das/os bolseiras/os.

Esta actuación encádrase no resultado de xestión (RX) 5 do III PD que establece que *os actores e axentes da Cooperación Galega fortalecen a súa capacidade institucional para un maior alcance das súas actuacións.*

- **Actuacións de Acción Humanitaria**

As actuacións para dar cumprimento aos obxectivos estratéxicos establecidos no III PD durante o ano 2017, **ademais da convocatoria**

anual en concorrencia competitiva sinalada anteriormente, serán as seguintes:

- Asinarase un novo **convenio de colaboración** con *Farmamundi*, que permitirá dar resposta rápida e eficaz ante emerxencias, mellorando así a axilidade e eficacia da resposta humanitaria galega. A dotación deste convenio será de **50.000 €**.
- Asinarase un novo **convenio de colaboración** coa *Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí (SOGAPS)*, co obxectivo de mellorar as condicións de vida da poboación refuxiada saharauí, que terá unha dotación para o ano 2017 de **75.000 €**.
- Como en anos anteriores, e co fin de promover a presenza da Cooperación Galega na acción multilateral estableceranse **acordos de colaboración** con *ACNUR* e *UNRWA* (cos respectivos comités españois) cunha dotación de **20.000 €** cada un deles.

Esta actuación encádrase no resultado de xestión (RX) 3 do III PD que establece que *a Cooperación Galega especializa a súa axuda nos sectores nos que conta con valor engadido ou vantaxes comparativas*.

- **Convenio de colaboración coa Coordinadora Galega de ONGD**

Ademais do fortalecemento específico das ONGD como actores destacados da cooperación galega a través da correspondente convocatoria de subvencións, continuarase co apoio financeiro ás actuacións que nese ámbito se promovan dende a Coordinadora Galega de ONGD, polo seu papel como representante dunha gran maioría do sector que permite facilitar a coordinación entre os distintos actores e a articulación de iniciativas conxuntas.

Polo tanto, en cumprimento do obxectivo de fortalecemento do sector, asinarase un ano máis un **convenio de colaboración** coa *Coordinadora Galega de ONGD* como entidade que agrupa a 44

organizacións con presenza na nosa Comunidade Autónoma e que actúa como representación delas diante das institucións, na defensa do Código de Conduta e na formación, a sensibilización e a busca da implicación da sociedade galega na superación da pobreza na que viven millóns de persoas no mundo. Con este convenio estase a contribuír ao incremento da coordinación entre os actores da cooperación galega.

O obxectivo do convenio será, por unha banda, fortalecer o tecido das ONGD galegas e a propia Coordinadora, a través de diversas accións como prestar servizos de información e apoio técnico ás ONGD, asistencia a xuntanzas con institucións, organización de eventos, promoción de mesas de diálogo, etc, e por outra, mellorar a promoción de actuacións en materia de educación para o desenvolvemento.

A **dotación financeira** prevista para este convenio en 2017 será de **90.000 €**.

Esta actuación encádrase no resultado de xestión (RX) 5 do III PD que establece que os *actores e axentes da Cooperación Galega fortalecen a súa capacidade institucional para un maior alcance das súas actuacións* e no resultado de xestión (RX) 7 que establece que *a Cooperación Galega mellora a planificación e xestión das actuacións en educación para o desenvolvemento*.

- **Convenio de colaboración co Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade**

No mesmo sentido que no convenio coa Coordinadora Galega de ONGD, este ano asinarase novamente un **convenio co Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade** como entidade plural que agrupa na actualidade a 88 concellos e ás deputacións provinciais da Coruña e Lugo, comprometida coa idea de cooperar en Galicia para ser máis eficaces na cooperación con terceiros países, impulsando un maior

compromiso por parte das entidades locais coa cooperación para o desenvolvemento, nun marco máis estable e permanente.

O obxectivo do convenio será sensibilizar ás entidades pertencentes ao Fondo e dar a coñecer o traballo que desenvolve no ámbito da cooperación municipalista ás entidades sociais e á sociedade galega en xeral e reforzar a rede humana e organizativa do propio Fondo.

A **dotación financeira** para este convenio en 2017 é de **40.000 €**.

Esta actuación encádrase no resultado de xestión (RX) 5 do III PD que establece que *os actores e axentes da Cooperación Galega fortalecen a súa capacidade institucional para un maior alcance das súas actuacións* e no resultado de xestión (RX) 7 que establece que *a Cooperación Galega mellora a planificación e xestión das actuacións en educación para o desenvolvemento*.

- **Colaboración coas universidades galegas**

No ano 2017 seguirase afondando na colaboración coas universidades galegas nos eidos da investigación, formación e sensibilización en materia de cooperación para o desenvolvemento.

Logo da sinatura nos anos 2014, 2015 e 2016 dos convenios de colaboración coas tres universidades galegas para a conformación e consolidación dunha Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento, e tendo en conta que a dita rede é un instrumento de dinamización e apoio da cooperación universitaria para o desenvolvemento (CUD) e da educación para o desenvolvemento no Sistema Universitario Galego (SUG), e tendo en conta que o convenio asinado no 2016 ten anualidade para o ano 2017, no ano 2017 non se asinará un novo convenio e recuperarase a convocatoria de subvencións para proxectos de Investigación para o Desenvolvemento promovidos polas universidades e centros de investigación galegos que se publicou por primeira e única vez no ano 2014, cunha

convocatoria bianual de axudas para proxectos de Investigación para o Desenvolvemento promovidos polas universidades e centros de investigación galegos, cunha dotación total de 150.000 € (75.000 € para o 2017 e 75.000 € para o 2018).

Esta actuación encádrase no resultado de xestión (RX) 5 do III PD que establece que *os actores e axentes da Cooperación Galega fortalecen a súa capacidade institucional para un maior alcance das súas actuacións e no resultado de xestión (RX) 6 que establece que a cidadanía galega accede a unha información de calidade sobre os logros colectivos da Cooperación Galega na loita contra a pobreza.*

- **Convenios de colaboración coa *Fundación Centro Tecnolóxico do Mar (CETMAR)*.**

Tanto pola experiencia acumulada ao longo destes anos como polas súas vantaxes comparativas, o sector pesqueiro é o sector estratéxico por excelencia para a Cooperación Galega. A especialización de Galicia en ámbitos como a pesca e acuicultura facilita a transferencia de coñecementos e tecnoloxía, e o fortalecemento das institucións pesqueiras dos nosos socios nos países do Sur, garantindo un mellor aproveitamento e xestión integral sustentable dos seus recursos pesqueiros e acuícolas.

A Consellería do Mar mantén unha sólida aposta por unha política de cooperación internacional nos seus ámbitos competenciais e colabora activamente, a través do *CETMAR*, coa DXRREE e coa UE no desenvolvemento de proxectos conxuntos. No ano 2017 asinarase un novo convenio de colaboración para reforzar a cooperación técnica en materia de pesca e acuicultura, cunha dotación mínima de **100.000 € para os anos 2017 e 2018.**

Estas actuacións encádranse no resultado de xestión (RX) 2 do III PD que establece que *a Cooperación Galega concentra a súa axuda no exterior con criterios de eficacia* e no RX 3 que establece que *a*

Cooperación Galega especializa a súa axuda nos sectores nos que conta con valor engadido ou vantaxes comparativas.

• **Colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Plan Proxecta**

O **Plan Proxecta** é unha iniciativa de innovación educativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a través da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa que busca a integración na planificación anual dos centros de programas postos en marcha por entidades alleas ao sistema educativo.

Ao abeiro do Plan Proxecta e instrumentado a través dun *convenio de colaboración* asinado no ano 2014 entre a DXRREE e coa UE e tres ONGD galegas: *Solidariedade Internacional de Galicia*, *AGARESO e a Asociación Mundo Cooperante Galicia*, levouse a cabo o programa “*Cooperación Galega. O mundo que queremos*”, en 5 institutos galegos. No ano 2015 sumouse á sinatura do convenio a *Fundación EDUCO* en substitución da *Asociación Mundo Cooperante Galicia*.

Para o ano 2017 está previsto asinar **un novo convenio coas mesmas entidades** para afondar neste proxecto encadrado neste programa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, co que se espera chegar polo menos a 5 centros de ensino, cunha dotación prevista de **70.000 €** (30.000 € para 2017 e 40.000 € para 2018)

Esta actuación encádrase no resultado de xestión (RX) 4 do III PD que establece que *os actores e axentes da Cooperación Galega coordinan e complementan as súas actuacións para contribuír aos resultados de desenvolvemento da cooperación española* e no resultado de xestión (RX) 7 que establece que *a Cooperación Galega mellora a planificación e xestión das actuacións en educación para o desenvolvemento*.

- **Procura activa de fontes de financiamento externo e alianzas público privadas de desenvolvemento**

Afondarase nas actuacións iniciadas no ano 2010 para aproveitar as posibilidades de financiamento ofertadas pola Unión Europea e outros organismos internacionais en proxectos conxuntos no ámbito da cooperación ao desenvolvemento. Por tanto, buscarase orientar a nosa cooperación na busca de maiores complementariedades, explorando esas novas vías de financiamento internacional para proxectos que poderían levar a cabo os distintos departamentos do goberno autonómico, en asociación cos distintos axentes de cooperación.

De tal xeito prestarase apoio, no seu caso, ao CETMAR, Augas de Galicia ou outros organismos na concorrência ás convocatorias de EuropeAid ou de outros financiadores a nivel internacional.

Esta actuación encádrase no resultado de xestión (RX) 4 do III PD que establece que *os actores e axentes da Cooperación Galega coordinan e complementan as súas actuacións para contribuír aos resultados de desenvolvemento da cooperación española.*

- **Plan anual de avaliacións de proxectos no exterior**

Un dos obxectivos do III PD é incrementar o grao de transparencia e de rendición de contas da Cooperación Galega, ao que se pretende contribuír mellorando a actividade avaliadora.

As avaliacións son necesarias por un dobre motivo:

- En primeiro lugar, son un elemento imprescindible para que a política de axuda teña progresivamente unha maior calidade e capacidade de impacto.

- En segundo lugar, porque a política de cooperación lévese a cabo con fondos públicos e é esixible, polo tanto, un exercicio de rendición de contas.

Incidindo nesta necesidade avaliadora, no 2017 vaise realizar a **avaliación final das intervencións financiadas no Perú** nos últimos anos, país destinatario tradicional da axuda da cooperación galega e onde traballan moitos axentes galegos de cooperación.

Esta actuación encádrase no resultado de xestión (RX) 6 do III PD que establece que a *ciudadanía galega accede a unha información de calidade sobre os logros colectivos da Cooperación Galega na loita contra a pobreza*.

- **Aviación Final do III Plan Director da Cooperación Galega 2014-2017 e elaboración do IV Plan Director 2018-2021**

En aras da transparencia e de acordo co establecido no propio Plan, o Plan Director someterase a unha análise final externa e independente do período de execución do Plan empregando os datos do sistema de seguimento. O fin desta avaliación será revisar en profundidade o progreso no cumprimento dos compromisos, valorar a adecuación das previsións do Plan Director aos novos contextos e servir de base para a elaboración do IV Plan Director 2018-2021 que deberemos abordar no último cuatrimestre do 2017.

Os resultados desta avaliación difundiranse publicamente.

Esta actuación encádrase no resultado de xestión (RX) 6 do III PD que establece que a *ciudadanía galega accede a unha información de calidade sobre os logros colectivos da Cooperación Galega na loita contra a pobreza*.

- **Marco normativo da Cooperación Galega: novo Decreto de cooperación para o desenvolvemento**

No ano 2016, para desenvolver a *Lei 1/2015, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración*, aprobada no ano 2015, que modificou os artigos 20, 21 e 22 da *Lei 3/2003, de cooperación para o desenvolvemento*, no que se refire concretamente ao Congacode (que ve ampliadas as súas competencias, asumindo as que tiña a Cincode e a Cintercode, que desaparecen) e co fin tamén de introducir melloras puntuais no resto da normativa que afecta á Cooperación Galega actualmente en vigor, elaborouse un Decreto que recolle o desenvolvemento normativo dos seguintes aspectos:

- ✓ A composición e funcionamento do Congacode
- ✓ A regulación do Rexistro Galego de Axentes de Cooperación
- ✓ A regulación da licenza para a participación dos empregados e empregadas públicas en proxectos ou programas de cooperación para o desenvolvemento e de acción humanitaria, incluída na *Lei 2/2015, do Emprego Público de Galicia*.
- ✓ A regulación das peculiaridades das subvencións en materia de cooperación para o desenvolvemento e acción humanitaria.

O Decreto entrará en vigor no primeiro cuadrimestre deste ano, tras a súa aprobación definitiva polo Consello da Xunta

Estas actuacións encádranse no resultado de xestión (RX)1 do III PD que establece que *a Cooperación Galega aliña o seu marco normativo, estratéxico e operativo coa axenda global de desenvolvemento*.

- **Contratación de persoal especializado para accións de xestión, avaliación ou seguimento de proxectos**

Co fin de conseguir unha mellor calidade da planificación e da xestión das intervencións, de incrementar o grao de transparencia da cooperación galega así como de contribuír ao fortalecemento do sistema galego de cooperación, durante o ano 2017 recorrerase á

contratación de empresas ou persoal técnico experto en determinados ámbitos para a realización de servizos tales como a avaliación *ex ante* dos proxectos presentados ás convocatorias públicas ou a avaliación *ex post* dos proxectos financiados en anos anteriores.

Esta actuación encádrase no resultado de xestión (RX) 5 do III PD que establece que os *actores e axentes da Cooperación Galega fortalecen a súa capacidade institucional para un maior alcance das súas actuacións.*

- **Actividades divulgativas**

- ✓ **Nova páxina web da cooperación galega**

Aínda que toda a información relativa ás actividades de cooperación ao desenvolvemento da Xunta de Galicia atópase dispoñible e accesible na páxina web da Cooperación Galega (www.cooperaciongalega.org) de xeito que tanto os axentes de cooperación como a cidadanía poden exercer o seu dereito á información cun acceso libre e sen restricións, no ano 2017 procederáse a actualización e mellora da dita web coa **creación dun novo portal web** mais moderno, intuitivo e accesible que facilite o acceso a toda a Información.

A nova web aplicará melloras notables en termos de accesibilidade, usabilidade, xestión e actualización de contidos ou visualización en dispositivos móbiles. Este novo portal web estará dispoñible ao longo deste ano 2017.

Así mesmo, tendo en conta a importancia que no mundo actual teñen as redes sociais, estudarase a posibilidade de promover a presenza da cooperación galega en redes como facebook ou twitter.

✓ Informe 2016 da Cooperación Galega

Por outra banda, tomando coma referencia o obxectivo de realizar unha política activa e integral de educación para o desenvolvemento da sociedade galega, a DXRREE e coa UE editará en formato dixital o ***Informe 2016 da Cooperación Galega***, que será publicado na web da Cooperación Galega co fin de dar a coñecer á sociedade galega a política de cooperación que dende Galicia se leva a cabo.

✓ Outras

Finalmente, e como en anos anteriores, a Cooperación Galega sumarase á **conmemoración de datas significativas** para a cooperación internacional para o desenvolvemento, a través da publicación de declaracións institucionais, apoio de iniciativas doutros axentes, etc.

Estas actuacións encádranse no resultado de xestión (RX) 6 do III PD que establece que a *ciudadanía galega accede a unha información de calidade sobre os logros colectivos da Cooperación Galega na loita contra a pobreza*.

• Coordinación institucional

A X edición do *Encontro de Comunidades Autónomas e Cooperación* se celebrará na Comunidade Autónoma de Andalucía e como vén sendo habitual asistirán representantes políticos e técnicos da Dirección Xeral.

Estes encontros xurdiron como espazos de debate e reflexión da cooperación descentralizada española co fin de buscar canles para una maior coordinación e complementariedade das accións de desenvolvemento das distintas administracións autonómicas e para plantexar propostas de traballo conxunto.

Esta actuación encádrase no resultado de xestión (RX) 4 do III PD que establece que *os actores e axentes da Cooperación Galega coordinan e complementan as súas actuacións para contribuír a resultados de desenvolvemento.*

- **Estudos e informes**

No ano 2017 presentárase a *Estratexia Galega de Educación para o Desenvolvemento.*

Este marco estratéxico da educación para o desenvolvemento tratará de mellorar o alcance e impacto das intervencións financiadas e permitir a concentración dos esforzos naquelas dimensións, ámbitos e actores con efectos multiplicadores sobre a base dos resultados positivos e da experiencia acumulada pola Cooperación Galega neste eido de traballo.

Esta actuación encádrase no resultado de xestión (RX) 7 do III PD que establece que a *Cooperación Galega mellora a planificación e xestión das actuacións en educación para o desenvolvemento.*

- **Elaboración dun *Ditame sobre a nova política europea de cooperación ao desenvolvemento***

O director xeral de Relacións Exteriores e coa UE foi designado relator do ditame do Comité das Rexións da UE sobre o chamado novo Consenso Europeo sobre Desenvolvemento.

A Comisión Europea publicou a finais de 2016 a súa proposta para adaptar o consenso actual, que data de 2005, aos cambios acaecidos nos últimos anos. Trátase dun documento estratéxico que pretende guiar as políticas de cooperación ao desenvolvemento dos Estados membros da UE co obxectivo último de erradicar a pobreza e construír un mundo máis estable e xusto. O novo consenso adaptarase

á Axenda 2030 para un Desenvolvemento Sostible, adoptada por Nacións Unidas en setembro de 2015, e apoiará á Estratexia Global da Política Exterior e de Seguridade posta en marcha pola UE.

O ditame do Comité das Rexións, que se aprobará no plenario no vindeiro mes de febreiro, reflectirá a opinión dos gobernos rexionais e locais da UE en canto que actores determinantes na cooperación ao desenvolvemento.

Esta actuación encádrase no resultado de xestión (RX)1 do III PD que establece que *a Cooperación Galega aliña o seu marco normativo, estratéxico e operativo coa axenda global de desenvolvemento.*

4. ORZAMENTOS 2017

O Goberno galego renova o seu compromiso de solidariedade coas persoas e os países máis desfavorecidos elevando o orzamento para o ano 2017 nun 7,7% respecto ao orzamento aprobado no 2016, o que vai permitir finalizar a execución do III Plan Director cunha dotación suficiente para levar a cabo actuacións en todos os eidos do desenvolvemento.

No seguinte cadro aparecen reflectidas as partidas orzamentarias previstas para actuacións de cooperación para o desenvolvemento para o ano 2017 por capítulos de gasto do programa orzamentario 331A.

Ao final do exercicio realizarase a valoración das achegas que ao longo do ano podan realizar outros departamentos da Xunta de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de cooperación para o desenvolvemento.

ORZAMENTO 2017

PROGRAMA 331-A: COOPERACIÓN EXTERIOR		
CAPÍTULO	CONCEPTO	CONTÍA (€)
Capítulo I	Gastos de persoal	477.338
Capítulo IV	Transferencia correntes	3.388.568
	Transferencias instit. sen fins de lucro	463.733
	Axudas ás Universidades galegas	115.000
	Actuacións de cooperación no exterior	2.507.435
	Convenio CGONGD	90.000
	Convenio Fogacosol	40.000
	Bolsas formación en cooperación	94.400
	SS bolsas formación en cooperación	3.000
	Convenio Fondo Humanitario AECID	50.000
	Convenio SOGAPS	25.000
Capítulo VI	Investimentos reais	60.000
Capítulo VII	Transferencias de capital	543.838
	Actuacións de cooperación no exterior	493.838
	Convenio SOGAPS	50.000
TOTAL Programa 331-A		4.512.744

*Nota: Os gastos correntes e de funcionamento asociados á competencia de cooperación para o desenvolvemento (que serán financiados con cargo ao programa 111-E da DXRRREE e coa UE) serán cuantificados ao final do exercicio.